



CONCURSO DE PROGRAMACIÓN

BASES

1. Quen o organiza?

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), co obxectivo de promover o achegamento dos máis novos ás ferramentas tecnolóxicas.

2. A quen vai dirixido?

Ao alumnado de entre 10 e 14 anos de idade matriculado nos centros de ensino de Galicia.

3. Cal é a temática?

O Día das Letras Galegas.

4. En que consiste o proxecto?

No desenvolvemento dunha historia relacionada co Día das Letras Galegas, utilizando a ferramenta Scratch (<https://scratch.mit.edu>) e en formato *story telling*.

5. Como presentarse?

Formando un grupo mixto de entre 6 e 8 alumnos e alumnas e un docente. Os grupos deberán estar compostos por alumnado do mesmo centro . Cada centro pode presentar varios proxectos. Cada alumno/a só pode pertencer a un grupo e proxecto.

6. Onde enviar os proxectos?

A info@cpeig.gal, onde tamén se pode facer calquera consulta con respecto ao concurso.

7. Cando remata o prazo de presentación?

O xoves 12 de maio ás 23.00 horas.



8. Cales son os criterios de valoración?

- Nivel funcional completo
- Implantación a nivel de programación e deseño
- Finalidade e orixinalidade
- Relación coa temática do certame

9. Onde e cando é a entrega de premios?

Un xurado composto por representantes do CPEIG e a Amtega seleccionará o proxecto gañador.

O equipo creador recollerá o premio, consistente nun kit de robótica para o centro, o día 14 de maio no decurso do evento Rapaciñ@s, que se desenvolverá na Cidade da Cultura de Galicia.

10. Aceptación das bases

A participación neste concurso presupón a aceptación das súas bases e a conformidade coas decisións adoptadas polo xurado